



ORIENTACIÓNS XERAIS ÁS FAMILIAS CURSO 2022-2023

1.- SECRETARÍA:

O horario de secretaría é de 10 a 13 horas durante o mes de xullo.

Durante o mes de agosto o colexio permanecerá pechado. As persoas que necesiten algunha información do Centro deberán solicitala antes de finalizar o mes de xullo.

Os alumnos/as ou pais que necesiten algún documento deben solicitalo cun día de antelación.

2.- COMEZO DO CURSO:

A data de comezo de curso para ESO e BACHARELATO será o xoves 8 setembro.

3.- HORARIOS DO CURSO:

ESO e BACHARELATO: Luns: 8:30 a 14:30 h./ 16 a 17:50 h. Martes, mércores, xoves e venres: de 8:30 a 14:30 h.

No mes de setembro as clases serán de xornada de mañá.

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: A oferta darase a coñecer no mes de xullo.

5.- COMEDOR: O Colexio dispón deste servizo que pode ser utilizado todos os días ou de modo eventual. O comedor escolar funcionará desde o 9 de setembro ata fin de curso. Facilitarase formulario de inscrición o antes posible.

6.- UNIFORME:

Os alumnos/as ata 2º da ESO han de vir correctamente uniformados.

Recordamos que:

1. Os zapatos serán azuis ou negros.
2. As saias das nenas teñen “pregos”, non “táboas”. O UNIFORME DAS NENAS INCLÚE A OPCIÓN DE ESCOLLER ENTRE SAIA OU PANTALÓN.
3. Xerse de pico co escudo do colexio, *non chaqueta.*
4. Parka azul mariño. O escudo poden adquirilo na recepción do colexio.

O uniforme de Educación Física consta dunha camiseta branca co escudo do Colexio, **non con outras estampacións nin cores.** Tamén deberán utilizar o chándal do colexio.

Todas as prendas deberán estar marcadas para a súa identificación.

Os complementos: lazos, diademas, etc. han de ser brancos ou azuis.

7.- PÁXINA WEB DO COLEXIO:

O Colexio dispón dunha páxina web, cuxa dirección é <http://www.hhcarmelitas.com>, na que poden acceder a toda a información dispoñible. Desde a web pódese acceder á plataforma educativa Educamos.

Desexamos que disfrutedes dunhas felices vacacións. Saúdos,